



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemearno@concellodemearno.com · Web: www.concellodemearno.com

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DE DATA 13 DE FEBREIRO DE 2017.

ASISTENTES

GRUPO POLITICO

ALCALDESA, que preside:

D^a M^a Lourdes Ucha Varela *PP*

CONCELLEIROS:

D. Ramón Tilve Castro *PP*

D. José Ramón Gondar Pintos *PP*

D^a. Milagros Pérez Gándara *PP*

D. José Manuel Méndez Lázaro *PP*

D^a. Rosalina Lima Prado *PP*

D. José Manuel Ásperez Montes *MI*

D. Antonio Rial Lastres *MI*

D. José Varela Budelo *MI*

D^a M^a del Pilar Prado González *MI*

D. Manuel Radio Oubiña *PSdeG-PSOE*

NON ASISTE

D^a Icíá García Fernández *PSdeG-PSOE*

SECRETARIA:

D^a M^a Teresa Escudero Barral

No Salón de Sesións da Casa Consistorial de Meaño, ás 20:00 horas do día 13 de febreiro de 2017, réunese, previa convocatoria, o Pleno da Corporación en sesión ordinaria, coa asistencia dos Sres/as concelleiros/as que se relacionan na marxe.

A tódolos asistentes fíxoselles chegar copia da orde do día, cos asuntos a tratar, poñéndose a súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente.

Concorrendo o quorum necesario, declárase validamente constituída a sesión.

Aberta a sesión, pásase seguidamente ao exame dos puntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 29 DE DECEMBRO DE 2016.

A Sra. alcaldesa-presidenta da conta do borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria de data 29 de decembro de 2016; preguntando se algún membro da Corporación desexa formular observacións ou rectificacións á mesma.

Toma a palabra o Sr. Ásperez Montes quen, en relación coa súa intervención no punto correspondente ao Orzamento 2017, manifesta que non se recolleu nesta acta o seguinte que reitera, o apoio os empregados do Concello, e en particular, neste caso, ós técnicos que expresamente se nomean no informe de presupostos, xa que en vez de falar de deixadez, deberíase potenciar o seu posto de traballo con máis medios e formación se fose necesaria, para evitar a duplicidade de gasto na que consideramos se está a incurrir neste campo en concreto, contratando reiteradamente con profesionais externos.

Tomada nota, esta acta queda aprobada, coa abstención dos membros do Grupo Municipal MI, por sete votos a favor.

N.I.F.: P-36-02700-A - Rég. El.: 01360274 - Nº RELGA: MU 2006/40
CONCELLO DE MEAÑO
SECRETARIA-INTERVENCIÓN



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemearno@concellodemearno.com · Web: www.concellodemearno.com

2º.- TOMA DE COÑECEMENTO DA VACANTE DE CONCELLEIRO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE MEAÑO POLA RENUNCIA PRESENTADA POR D. RUBÉN CASAL RADIO.

A Sra. alcaldesa-presidenta da conta do escrito de renuncia presentada, mediante escrito de data de rexistro de entrada 7 de febreiro de 2017, nº 509, por D. Rubén Casal Radio, ao cargo de concelleiro da corporación municipal de Meaño do grupo municipal do Partido Popular.

Para os efectos de proceder segundo establece o artigo 182 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral e a Instrución do 10 de xullo de 2003 e considerando que por orde de colocación a seguinte na lista é D^a M^a del Pilar González Dopazo; esta Alcaldía procedeu a formular a correspondente proposta e indicar á seguinte candidata da lista do Partido Popular (PP), por orde de colocación para cubrir a devandita renuncia.

Non producíndose intervencións o Pleno da Corporación, por unanimidade dos once membros presentes, acorda:

1º/ Tomar coñecemento da vacante producida no cargo do concelleiro/a na Corporación Municipal de Meaño, como consecuencia da renuncia ao cargo de concelleiro electo, polo Partido Popular, presentada por D. Rubén Casal Radio.

2º/ Indicar que a persoa á que lle corresponde cubrir a vacante, ao ser á seguinte candidata da lista á que corresponde, Partido Popular (PP), e por orde de colocación é D^a M^a del Pilar González Dopazo, DNI 77407502J.

3º.- APROBACIÓN DA ADDENDA PARA PRÓRROGA AS ACTUACIÓNS DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE MEAÑO PARA LEVAR A CABO O PROXECTO “CAMPO DE FÚTBOL DE CÉSPEDE SINTÉTICO E URBANIZACIÓN DE ACCESO EN MEAÑO”.

A Sra. alcaldesa-presidenta maniféstalles aos membros presentes da Corporación que con data 25 de xuño de 2015, asinouse un Convenio de colaboración entre o Concello de Meaño e a Deputación de Pontevedra, co obxecto de levar a cabo o proxecto denominado “Campo de fútbol de céspede artificial”, cofinanciados por ambas partes.

Segundo o texto do convenio (cláusula cuarta), será a Deputación quen asuma a licitación, dirección, execución e recepción das obras que se definen no proxecto técnico.

No curso do procedemento detectouse que o proxecto obxecto do convenio non contemplaba diversas unidades de obra que se estiman necesarias para procurar unha execución completa do investimento. Por esta razón, o concello de Meaño, en data 01/04/2016, achega un novo proxecto no que se inclúen as unidades iniciais e unidades non previstas, acadándose un orzamento de execución por contrata (IVE engadido) de 674.911,17.

Para ampliar o alcance da cobertura, procedeuse a modificar as cláusulas primeira, segunda e terceira do devandito Convenio de títulos “Obxecto”, “Importe” e “Financiamento”, mediante unha Addenda que foi asinada con data 23 de setembro de 2016.



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

A cláusula oitava do convenio establece : *“O presente convenio entrará en vigor na data da súa firma e terá vixencia ata o remate das obras obxecto do convenio, e en todo caso fíxase un prazo de execución ata o 31 de decembro de 2016.*

A vixencia do presente convenio poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes intervenintes”.

Na actualidade, a obra obxecto do convenio atópase na fase de licitación pola Deputación Provincial de Pontevedra polo que resulta imposible a súa execución e remate no prazo estipulado na cláusula oitava do convenio; polo que a Xunta de Goberno da Deputación Provincial, en sesión de data 23 de decembro de 2016, aprobou unha segunda addenda para prorrogar as actuacións derivadas deste convenio na que se inclúe un pacto único polo que se acorda estender a súa vixencia ata o remate das actuacións que se recollen no proxecto técnico sen exceder, en todo caso, a data de 31 de decembro de 2017; solicitando do Concello a súa aprobación.

Sometido o asunto a deliberación toma a palabra o Sr. Radio Oubiña, quen sinala que este proxecto estalle a quedar grande ao grupo de goberno, así primeiro presentouse un proxecto incompleto que houbo que modificar incluíndo unidades de obra e incrementando o presuposto e a agora presenta esta addenda para prorrogar o prazo de vixencia por non rematar as obras no prazo previsto. Desde a agrupación municipal do PSdeG-PSOE douselle un voto de confianza coa abstención en relación con este convenio estáselle a ir das mans.

Toma a palabra o Sr. Ásperez Montes, quen sinala que non considera que sexa unha prioridade este investimento porque no municipio hai outras necesidades.

Contesta a Sra. alcaldesa que non é tema de debate a magnitude do proxecto senón a prórroga, como máximo ata 31 de decembro de 2017, das actuacións derivadas do convenio asinado para a súa execución; xa que na actualidade se atopa en fase de licitación pola Deputación Provincial de Pontevedra polo que resulta imposible a súa execución e remate no prazo inicialmente estipulado do 31 de decembro de 2016.

Rematadas as intervencións e sometido o asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, aceptando o ditame-proposta da Comisión Especial de Contas, por un voto en contra do membro presente do PSdeG-PSOE, catro abstencións dos membro do grupo municipal do MI e por seis votos a favor dos membros do grupo municipal do PP, acorda:

1º Aprobala ADDENDA PARA PRORROGAR AS ACTUACIÓNS DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE MEAÑO PARA LEVAR A CABO O PROXECTO “CAMPO DE FÚTBOL DE CÉSPEDA SINTÉTICO E URBANIZACIÓN DE ACCESO EN MEAÑO”, aprobado pola xunta de Goberno da Deputación Provincial, en sesión de data 23 de decembro de 2016.

2º Facultar á Sra. alcaldesa para a súa formalización mediante a súa sinatura.

4º.- RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓN PRESENTADA, NO PERÍODO DE EXPOSICIÓN PÚBLICA PREVISTO NOS ARTIGOS 18 DA LEI E 17 DO REGULAMENTO DA LEI DE EXPROPIACIÓN FORZOSA, Á DECLARACIÓN DE UTILIDADE PÚBLICA, COMO TRÁMITE PREVIO Á DECLARACIÓN DA NECESIDADE DE OCUPACIÓN DO TERREOS, BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXECUCIÓN DA OBRA



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

“MELLORA E PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO RURAL DE QUINTÁNS-SOUTO” E DECLARACIÓN DE NECESIDADE DE OCUPACIÓN.

A Sra. alcaldesa-presidenta dá conta da proposta da Alcaldía en relación co escrito de alegacións presentado, no período de exposición pública previsto nos artigos 18 da Lei e 17 do Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa, por D. Perfecto Besada Pérez, unha vez examinado e a visto o informe emitido polo redactor do proxecto, en relación coa mesma:

“GABINO GRANDE TORO, Ingeniero Agrónomo, colegiado 761 del Colegio Oficial de Ingenieros Agrónomos de Galicia e Ingeniero técnico agrícola, colegiado 854 del Colegio Oficial de Ingenieros Técnicos Agrícolas de A Coruña-Pontevedra, al servicio de 'CERES Oficina Técnica Agrícola, S.L.', con domicilio social en la Avda. de Benito Vigo no 68-2o B, de A Estrada,

EXPONE:

Que ha sido requerido por el Concello de Meaño, con domicilio no Campo da Feira nº 1 y N.I.F. P-3602700-A, para emitir informe anexo al proyecto de expropiación de “MELLORA E PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO RURAL DE QUINTANS - SOUTO”, referente a la alegación presentada al mismo. -----

Acepta el requerimiento y una vez personado en el lugar y realizadas las comprobaciones oportunas, emite el siguiente, -----

INFORME

1.- ALEGACIONES PRESENTADA POR DON PERFECTO BESADA PÉREZ (Finca Nº 1):

➤ CONTESTACION A LA ALEGACION 1.


Con el ensanche proyectado se consigue una mejora considerable del vial, reduciendo el peligro constante de accidentes, ya que el ancho en la zona de la finca 1, no permite el cruce de dos coches simultáneamente.

Tal y como puede observarse en el plano adjunto, existe un punto en esta zona con un ancho de 3,56 m. y lógicamente esta dimensión no permite el paso de dos vehículos simultáneamente.



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemearno@concellodemearno.com · Web: www.concellodemearno.com



Se trata de un vial que une los núcleos de Igrexa, Souto y Quintáns, y es la vía de comunicación de estos lugares con la carretera PO-303, del que se benefician aproximadamente unos 250 vecinos de estos lugares.

Además, este camino da servicio a innumerables fincas agrícolas de la zona, por ello además de los vehículos particulares, hay gran circulación de vehículos agrícolas, y no solamente la entrada da dos viviendas tal y como se cita en la alegación. Por lo tanto queda justificado el beneficio común de la actuación proyectada.

En esta primera actuación se mejora el vial en una longitud de 500 m. y ya hay prevista y pendiente de adjudicar, una segunda actuación para el resto del vial que desemboca en la carretera de Axis, dentro de la parroquia de Simes. Esta segunda actuación afecta a más de 35 propietarios que de forma voluntaria han cedido los terrenos para el ensanche a realizar a lo largo de los 560 m. restantes.

Por lo señalado, queda justificada la utilidad pública de las actuaciones previstas que están encaminadas a mejorar un bien de dominio público de uso común.

➤ **CONTESTACION A LA ALEGACION SEGUNDA**

La vía tiene una longitud total de 1.060 m. La actuación se ha dividido en dos tramos, en este primer proyecto que afecta a este expediente, se afecta un tramo de 500 m. desde la carretera PO-303 hasta el núcleo de Souto, y en la segunda actuación prevista, se actuará en 560 m. desde



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemearno@concellodemearno.com · Web: www.concellodemearno.com

el núcleo de Souto hasta la carretera que va al lugar de Axis.

El motivo de ocupación hacia la finca 1, viene dado por :

- 1) En el lado contrario, se afectaría un muro de piedra de tipo tradicional de 50 cm. de ancho con una altura de unos 1,50 m. y otro de cachotería de piedra de 5,00 m. de altura, cuyos retranqueos incrementaría en más de 9.000 € el valor de la obra. Ver foto adjunta



- 2) El pavimento en el límite con esta finca 1, está agrietado, debido a la inestabilidad existente en el talud, que al ir cediendo va provocando la rotura del pavimento tal y como puede observarse en la foto adjunta. Con el paso del tiempo terminará cediendo toda la base del pavimento, reduciendo el paso en esta zona, ya de por si estrecha, aumentando el riesgo en el vial.



- 3) La construcción del muro de contención en esta finca, que se proyecta en esta



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

actuación, solucionará la estabilidad del vial, evitando el derrumbe del vial, cuyo problema permanecería en caso de que la actuación se realizará hacia el lado contrario.

- 4) *La ocupación hacia esta finca afecta en parte a 49 m2. de talud de tierra totalmente improductivo; a una zona de 37 m2 de prado y a aproximadamente 13 m2 de viñado emparrado, tal y como puede observarse en las fotos.*



CONTESTACION A LA ALEGACION TERCERA

En la realización del trabajo no se constatado la presencia de ningún tipo de presa de riego, por ello no se ha tenido en cuenta en el proyecto.

En principio, habría que realizar la consulta al Organismo de Aguas de Galicia, para solicitar la información de la presa de riego y la captación de agua en el regato, para comprobar si están inscritos en sus registros y cuentan con la concesión correspondiente. En todo caso habría que consultar con los técnicos de Aguas de Galicia, para ver si procede la realización de la captación del agua del regato para el riego de las fincas, y en caso de que hubiera que realizarla, se podría buscar una solución, captando el agua en el punto actual con un tubo que cruzaría el muro.

CONTESTACION A LA ALEGACION CUARTA

En cuanto a la alegación cuarta relativa a la valoración de los bienes, este aspecto será asunto a considerar en la fase de determinación del justo precio; no obstante, se han tenido en cuenta todos los parámetros a efectos de obtener el valor final de la expropiación de la finca.

En tal forma se da por finalizado el presente informe pericial y para que así conste, a los efectos oportunos, lo firma en Cambados a día veintiséis de enero de dos mil diecisiete."

Polo que procede, segundo se sinala no informe emitido pola secretaria-interventora con data 30 de novembro de 2016, a resolución da mesma e a declaración sobre a necesidade da ocupación, debendo relacionarse detalladamente os bens, terreos e dereitos afectados así como os titulares dos mesmos cos que se entenderán os sucesivos trámites do expediente.





CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

Sometido o asunto a deliberación, toma a palabra o Sr. Radío Oubiña, quen sinala que esta obra, como xa pasou con outras, quedará aparcada. Hai moitas que por non acadar acordo cos veciños están así, como a do Pazo do Monte en Padrenda ou a de Villareis en Dena. Outro conflito son os postes do tendido eléctrico ou de telefonía que seguen na calzada; o que ven a poñer de manifesto a pouca man do equipo de goberno para xestionar estes asuntos e negociar cos veciños.

Toma a palabra o Sr. Varela Budelo, quen sinala que só se presentou unha alegación e pregunta si se sigue negociando co outro propietario.

Contesta a Sra. alcaldesa que se segue a negociar e que se atopa nunha fase na que ten que decidir o propietario.

Toma de novo a palabra o Sr. Varela Budelo, quen engade que na valoración contéplase o retranqueo do muro e do alprende e debería contemplarse a execución dun novo.

Contesta a Sra. alcaldesa que as valoracións foron feitas por un técnico e en canto a segunda cuestión é o que se está a negociar.

Engade o Sr. Varela Budelo que, o Concello elaborou un proxecto no que se contemplan dous puntos a expropiar non obstante no punto anterior de curva non se contemplaba ocupar nada, agora si parece que se vai ocupar porque cede o propietario; sendo estas cuestións as que non se entenden. Subliña que él quere que o camiño que vaia a diante pero hai que falar cos propietarios e os interesados polo que o Grupo Municipal MI se absterá porque non están a favor de que se teña que chegar a un expediente de expropiación xa que ten que prevalecer o dialogo e non a ameaza.

Remata a Sra. alcaldesa sinalando que en ningún momento se foi ameazando senón informando.

Rematadas as intervencións e sometido o asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, con cinco abstencións dos concelleiros do Grupo Municipal do MI e do PSdeG-PSOE, e con seis votos a favor dos concelleiros do Grupo Municipal do PP, aceptando o ditame-proposta da Comisión Especial de Contas, acorda:

1º/ Desestimar as alegacións formuladas por D. Perfecto Besada Pérez, mediante escrito presentado con data 19-01-2017 e que tivo entrada no Concello de Meaño o día 23-01-2017, nº 267, en base ás contestacións contidas no informe emitido polo enxeñeiro agrónomo D. Gabino Grande Toro.

2º/ Declarar expresamente a necesidade da ocupación dos terreos, bens e dereitos afectados polo expediente de expropiación forzosa con motivo da execución da obra “Mellora e pavimentación do camiño rural de Quintáns-Souto” e tramita-lo expediente de expropiación forzosa, que son os que de seguido se relacionan:

PROPIEDAD	TIPO SOLO/CULTIVO/SITUACIÓN	SUPERFICIE M2/ML/UD	VALORACION M2	TOTAL €
-----------	-----------------------------	------------------------	------------------	---------



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

1.- D. Perfecto Besada Pérez Pazos nº 8-Simes Finca 1	Terreo labradio SNR (Quintáns)	99 M2	43,35	4.291,65
	Retranqueo emparrado	18 ML	10,00	180,00
	Cepas	4 UD	60,00	240,00
2.- Hdros. Socorro Carballal Iglesias (Dorinda Torres Fernández/Mariano Domínguez Torres) Quintáns 9 – Simes Finca 4	Terreo labradio SNR (Quintáns)	63 M2	43,35	2.731,05
	Retranqueo muro pedra	37,86 M2	40,00	1.514,40
	Retranqueo de galpón	1,00	1.380,00	1.380,00
	Retranqueo de peche de malla	8,50	17,00	144,50
	Retranqueo de emparrado			
	Cepas	8,50	10,00	85,00
		3,00	60,00	180,00

3/ Expoñer este acordo a información pública durante un prazo de quince días hábiles, con publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, nun dos diarios de maior circulación na Provincia, no Taboleiro de Anuncios e na páxina Web do Concello de Meaño; concedéndolle audiencia aos interesados, con notificación individual a cantas persoas aparezan como interesadas no procedemento expropiatorio, ó abeiro dos artigos 21 da Lei e 20 do Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa, para que poidan examina-lo expediente e formula-los recursos que estimen procedentes.

5º.- RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓN PRESENTADA Ó ORZAMENTO MUNICIPAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2017 E APROBACIÓN DEFINITIVA DO MESMO.

A Sra. alcaldesa dá conta da proposta da Alcaldía en relación coa alegación presentada no período de exposición pública ao Orzamento Municipal 2017, aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión de data 29 de decembro de 2016, subscrita por D. Rosa Acuña Rey e D. Marcos Graña Rocha con data 24-01-2017; na que se integra a proposta de acordo e o informe emitido, con data 7 de febreiro, pola secretaria-interventora en relación co mesmo:

“ASUNTO: Resolución de reclamación e corrección de erros e aprobación definitivas do Orzamento Municipal para o exercicio 2017.

En cumprimento da providencia da Alcaldía de data 1 de febreiro de 2017 en relación co asunto de referencia e en cumprimento do establecido no artigo 3.a) do R.D. 1174/1987, de 18 de setembro, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional e do artigo 54.1 do R.D. Lvo. 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixente sen materia de Réxime Local, emítase o seguinte INFORME:

Lexislacion aplicable:

- Lei 7/1985, do 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.
- Lei 48/2015, do 2 de outubro, de Presupostos Xerais do Estado par ao ano 2016.



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tif: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemearno@concellodemearno.com · Web: www.concellodemearno.com

- Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria
- Real Decreto Lexislativo 5/2015 do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Real Decreto 861/86, do 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local

Antecedentes:

Primeiro. O Pleno da Corporación en sesión extraordinaria de data 29 de decembro de 2016, acordou aprobar provisionalmente o Orzamento municipal para o exercicio económico 2017, cadro de persoal e relación de postos de traballo.

Segundo. No Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 3 de data 04-01-2017 publícase anuncio de exposición pública do Presuposto Municipal 2017, dando cumprimento ao artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, por un prazo de quince días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP, para que os interesados puidesen examina-lo e presentar reclamacións ante o Pleno da Corporación; empezando o computo deste período o día 5 de xaneiro e rematando o día 26 de xaneiro de 2017.

Terceiro. Neste período presentouse a seguinte reclamación:

- Rexistro de entrada no Concello de Meaño, nº 295 de data 25-01-2017, subscrita por D^a Rosa Acuña Rey e D. Marcos Graña Rocha.

Cuarto. En relación ao escrito de reclamación ao Orzamento Municipal para o exercicio 2017, aprobado provisionalmente polo Pleno da Corporación en sesión de data 29 de decembro de 2017, e á petición incorporada, presentada polos funcionarios da Policía Local deste Concello, D^a Rosa Acuña Rey e D. Marcos Graña Rocha, con data 25 de xaneiro de 2017(nº 295), compróbase:

Primeiro.- Que foi presentada no período de exposición pública regulado no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Segundo.- Que se exerce en defensa dun interés lexítimo, persoal e directo, regulado no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Quinto. De conformidade co establecido no artigo 172.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e o artigo 22.2 do Real Decreto 500/90, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título VI da Lei 39/1988, unicamente poderán entablarse reclamacións contra o Ozamento:

- a) Por non terse axustado a súa elaboración e aprobación ós trámites establecidos nesta Lei.
- b) Por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigas esixibles á Entidade Local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

c) Por seren de manifesta insuficiencia os ingresos con relación ós gastos orzamentarios ou ben destes respecto ás necesidades para as que estean previstos.

Como causa alegada enténdese a *OMISIÓN DE CRÉDITO SUFICIENTE PARA EL ABONO DEL COMPLEMENTO ESPECÍFICO QUE CORRESPONDERÍA A LOS POLICÍAS LOCALES* e como pretensión deducida do mesmo a *VALORACIÓN E ABONO DO COMPLEMENTO ESPECÍFICO*.

En relación coa **pretensión** cabe subliñar que o cadro de retribucións do persoal funcionario foi elaborado tendo en conta:

1.- Os artigos 2 e ss. do Real Decreto 861/86, do 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local, que sinalan que a contía das retribucións do persoal de Administración Local será a que fixe a Lei de Presupostos Xerais do Estado do ano correspondente para cada un dos grupos niveis do posto de traballo que desempeñen.

2.- O artigo 21 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, que establece:

"1. As contías das retribucións básicas e o incremento da contías globais das retribucións complementarias dos funcionarios, así como o incremento da masa salarial do persoal laboral, deberán reflexarse para cada exercicio orzamentario na correspondente Lei de Orzamentos.

2. Non poderán acordarse incrementos retributivos que globalmente supoñan un incremento da masa salarial superior ós límites fixados anualmente na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o persoal".

3.- Tanto no intre da elaboración do Orzamento municipal 2017 como neste intre non está aprobada a Lei de Presupostos Xerais do Estado, polo que resulta de aplicación o sinalado no artigo 38.1 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

A este respecto hai que ter en conta o que sinala a Subdirección General de Ordenación Normativa y de Recursos del Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas en informe de data de 4 de outubro de 2016 *«De acuerdo con los artículos 134.4 de la Constitución y 38 de la Ley General Presupuestaria, si la Ley de Presupuestos Generales del Estado no se aprobara antes del primer día del ejercicio económico correspondiente, se considerarán automáticamente prorrogados los presupuestos iniciales del ejercicio anterior hasta la aprobación y publicación de los nuevos en el «Boletín Oficial del Estado».*

Es decir, la prórroga afecta a los créditos pero no a las normas de la Ley de Presupuestos Generales del Estado que tengan una vigencia anual, como sucede con las normas que establecen limitaciones a los incrementos retributivos.

El artículo 19 de la Ley 48/2015, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2016 regula el incremento aplicable en este ejercicio y, por ello su vigencia se agota en 2016.

En consecuencia, la eventual prórroga en 2017 de la Ley de Presupuestos Generales del Estado para el año 2016 no implica que las retribuciones del personal del sector público se vuelvan a incrementar un 1 por ciento en 2017, sino que quedarían congeladas en las cuantías vigentes en 2016»



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tif: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

Por outra parte, as retribucións complementarias asignadas aos postos aos que se ven facendo referencia ao longo do escrito de reclamación (complemento específico e complemento de destino) non son obxecto, dun primeiro establecemento nin neste presuposto, nin na relación de postos de traballo que ao mesmo se acompaña, xa que o seu establecemento foi realizada en exercicios precedentes, e no presente exercicio o seu alcance económico ven determinado polas limitacións presupostarias establecidas polo lexislador estatal nesta materia, limitándose o Presuposto en tramitación e que foi obxecto de exposición pública, a recoller as previsións dos presupostos precedentes e con suxeición aos límites presupuestarios fixados tanto pola lexislación e de obrigada observancia para esta entidade local.

Sinalado o anterior e tendo en conta que a aplicación orzamentaria correspondente á retribuir o complemento específico da Policía Local conta con crédito suficiente para facer fronte ás obrigas que se derivan por este concepto, nos termos sinalados anteriormente e se recolle no cadro e bases de retribucións, cunha previsión de incremento do un por cento condicionado ao que sinale a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, é polo que se considera que decae a causa alegada e contemplada no artigo 172.2.b) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais de reclamación ao Orzamento, toda vez que o Orzamento incorpora o crédito necesario para o cumprimento das obrigas esixidas ao Concello de Meaño.

Sexto.- Ó amparo do previsto no artigo 10 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, as Administracións poden rectificar en calquera momento os erros materiais, aritméticos e de feito, existentes nos seus actos. A este respecto advertidos os seguintes erros propónse a súa rectificación do seguinte xeito:

- CLASIFICACION DO ESTADO DE GASTOS:

* Advírtese un erro nas clasificacións do estado de gastos 454.61900 e 454.61901, referentes a “Reforma pontón camiño Rial” “Reforma pontón camiño Ganón-Vilaxuega” dado que ao abeiro da base oitava do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos 2017) os investimentos en obras deben acadar un orzamento mínimo de 20.000,00 € polo que procede fusionalas ao ter que incluír ambos investimentos nun proxecto único.

Quedando a corrección:

Suprímese a aplicación 45461900 e impútaselle o crédito total de ambas á aplicación 454.61901, que acada un crédito total de 28.937,22 €.

- BASES DE RETRIBUCIONS-BASES DE EXECUCIÓN:

* Por erro omitiuse no apartado B) COMPLEMENTO ESPECÍFICO a seguinte coletilla, quedando a corrección:

“En canto á praza de oficial da Policía Local, a policía que ten asignadas as funcións de coordinación seguirá percibindo o complemento específico asignado por tal concepto pasano a percepción do complemento específico fixado para a praza de policía que corresponda unha vez que deixe de exercer ditas funcións.”

Sétimo.- De acordo co previsto no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, correspóndelle ao Pleno da Corporación a aprobación e modificación dos orzamentos, de acordo co establecido na Lei Reguladora de Facendas Locais, dispoñendo dun mes desde o remate da exposición ao público para resolver a reclamación presentada.



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tif: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

Contra a aprobación definitiva do orzamento poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que establecen as normas de dita xurisdición. A interposición deste recurso non suspenderá por sí sola a aplicación do orzamento definitivamente aprobado, segundo sinalan os artigos 113 da Lei 7/15, do 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local e 171 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Esta é a miña opinión que se somete a outra mellor fundada en dereito. Non obstante o Pleno da Corporación acordará o que estime pertinente.”

Sometido o asunto a deliberación toma a palabra o Sr. Radío Oubiña, quen sinala que o seu grupo, e así o manifestou a voceira na sesión de data 29 de decembro, sempre se caracterizou pola vontade de dialogo desde o respecto e a crítica construtiva en favor dos veciños; lamentando qua a falta de dialogo e consenso lenven a esta situación. Engade que Grupo Municipal do PSdeG-PSOE sempre estivo en contra de como se fan os orzamentos e que o persoal debería ter a categoría que lle corresponde e deixarse de favoritismos e esta situación solucionaríase coa RPT; conclúe sinalando que o feito de non contar con RPT supón discriminación entre postos e, como se deu nesta situación coa presentación desta alegación, a paralización da entrada en vigor do Orzamento.

Toma a palabra o Sr. Ásperez Montes, quen pregunta ao no ter entrado en vigor o Orzamento 2017 ¿cómo está o pago de facturas?, engadindo que se chegou a esta situación por falta de dialogo e acordo cos traballadores do Concello; así a reunión cos representantes sindicais foi o mesmo día da celebración da sesión de aprobación do Orzamento e aquí nos atopamos cun problema sen resolver; concluindo preguntando en que situación vai a quedar o Concello se recorren o Orzamento ante outra instancia.

A Sra. alcaldesa cédelle a palabra a secretaria-interventora, quen sinala en canto ao pago de facturas estaríamos dentro do período medio de pago e que, en calquera caso, si ao iniciarse o exercicio económico no houbera entrado en vigor o orzamento considerase prorrogado o do exercicio anterior.

Toma a palabra a Sra. alcaldesa quen sinala que efectivamente a mesas xeral de negociación se reuniu ese mesmo día e que na elaboración dos orzamento e concretamente no capítulo de persoal hai que ter en conta diversa lexislación, que nos últimos anos ven sendo moi restritiva. Concluindo que, contra o Orzamento poden interpoñer recurso contencioso-administrativo como xa fixeron en outras ocasións e en canto a situación na que queda o Concello en caso de que sexa recorrido a interposición deste recurso non suspenderá a aplicación do orzamento aprobado.

Rematadas as intervencións e sometido o asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, con cinco votos e contra dos concelleiros do Grupo Municipal do MI e do PSdeG-PSOE, e con seis votos a favor dos concelleiros do Grupo Municipal do PP, aceptando o ditame-proposta da Comisión Especial de Contas, acorda:

1º.- Desestimar a reclamación presentada, no período de exposición pública,



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tif: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

conxuntamente por D^a. Rosa Acuña Rey e D. Marcos Graña Rocha, en base aos fundamentos contidos no apartado quinto do informe de secretaría-intervención.

2º.- Enmendar os erros que se detallan:

- Aplicacións orzamentarias:

Onde establece:

APLICACIÓN	CONCEPTO	IMPORTE
454.61900	REFORMA PONTON CÑO RIAL	8.870,06 €
454.61901	REFORMA PONTON CÑO GANÓN-VILAXUEGA	20.067,16 €

Debe modificarse

APLICACIÓN	CONCEPTO	IMPORTE
454.61901	REFORMA PONTONS CÑO GANÓN-VILAXUEGA E RIAL	28.937,22 €

- Bases de retribucións-Bases de execución:

* Por erro omitiuse no apartado B) COMPLEMENTO ESPECÍFICO a seguinte coetilla, que coa corrección queda incluída:

“En canto á praza de oficial da Policía Local, a policía que ten asignadas as funcións de coordinación seguirá percibindo o complemento específico asignado por tal concepto ao posto de oficial pasando a percibir o complemento específico fixado para as prazas de policía unha vez que deixe de exercer ditas funcións.”

3º.- Aprobar definitivamente o Orzamento Municipal do Concello de Meaño correspondente ao exercicio económico 2017 coa rectificación sinalada no punto anterior, pola contía, tanto no Estado de Gastos coma no de Ingresos, de 3.765.718,20 € cos resúmenes por capítulos dos Estados de Gastos e Ingresos:

GASTOS			INGRESOS		
Cap	Denominación	Importe €	Cap	Denominación	Importe €
1	Gastos de persoal	1.498.918,20	1	Impostos directos	995.000,00
2	Gastos en bens correntes e servizos	1.290.875,57	2	Impostos indirectos	20.000,00
3	Gastos financeiros	0,00	3	Taxas e outros ingresos	603.668,00
4	Transferencias correntes	131.120,00	4	Transferencias correntes	1.570.375,57
6	Investimentos reais	782.804,43	5	Ingresos patrimoniais	6.000,00
7	Transferencias de capital	62.000,00	6	Alleamento de inversións reais	1,00
8	Activos financeiros	0,00	7	Transferencias de capital	570.673,63
9	Pasivos financeiros	0,00	8	Activos financeiros	0,00
			9	Pasivos financeiros	0,00
	TOTAL	3.765.718,20		TOTAL	3.765.718,20

4º/ Aprobar as Bases de Execución do Orzamento coa rectificación sinalada,



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

coas delegacións contidas nas mesmas.

5º Formar e aprobar a Relación de Postos de Traballo e o Cadro de Persoal para o exercicio 2017, de acordo co disposto no art. 90 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en concordancia co art. 232 da Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia, nos seguintes termos:

- Amortización da praza de alguacil.
- Creación dunha praza de administrativo de administración xeral, co ánimo afondar na especialización profesional e de impulsar o dereito á progresión na carreira profesional e promoción interna segundo os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, quedando unha das prazas de auxiliar administrativo das existentes en situación de a extinguir; extinguíndose no intre de que a súa titular supere o correspondente proceso selectivo de promoción interna á praza de administrativo de administración xeral; ao abeiro do artigo 14.c) e 18 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público en concordancia co artigo 20.4, parágrafo último da Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2016.

- Amortización da praza de técnico medio de xestión administrativa que figuraba no Cadro de Persoal dos exercicios anteriores, ao terse superado o prazo máximo de desenvolvemento da correspondente Oferta de Emprego Público derivado da mesma; segundo sinala no artigo 70.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro.

- Creación dunha praza de técnico medio de xestión administrativa, con cargo a taxa de reposición de efectivos resultante da amortización da praza de alguacil-porteiro; adscribindoa ao sector de asesoramento xurídico e xestión de recursos, secretaría-intervención; ao abeiro do artigo 20.1 da Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2016.

Quedando integrada por:

- Dez prazas de funcionarios de carreira
- Unha praza de funcionario carreira de auxiliar administrativo a extinguir.
- Dezanove postos de traballo de persoal laboral fixo.
- Postos de traballo de persoal laboral temporal, para cubrir a prestación directa dos distintos servizos, vinculados a competencias propias, competencias distintas das propias ou competencias relativas á educación e servizos sociais, que se veñen prestando con anterioridade a entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, que se consideran esenciais, inaprazables e imprescindibles, ao abeiro dos artigos 25 e 26 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, da Disposición Adicional decimoquinta e Disposición Transitoria segunda, da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, artigo 3.3 e Disposición adicional cuarta da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostentabilidade da Administración local.



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemearno@concellodemearno.com · Web: www.concellodemearno.com

26/189	25/01/2017	Resolución de pagos de xaneiro.
32/238	01/02/2017	Resolución de pago de nóminas de xaneiro.
42/318	10/02/2017	Resolución de pago anuncio BOP expediente DH.W36.55665.

Padrón Municipal de Habitantes

659/3731	14/12/2016	Inclusión no P.M.H. de S.R.F.
660/3732	14/12/2016	Cambio de enderezo dentro do municipio de R.O.M.
661/3733	14/12/2016	Inclusión no P.M.H. de L.P.A.
662/3734	14/12/2016	Inclusión no P.M.H. de P.L.A.
663/3735	14/12/2016	Inclusión no P.M.H. de F.G.P.M.
665/3748	15/12/2016	Inclusión no P.M.H. de P.B.J.M.
677/3818	20/12/2016	Inclusión no P.M.H. de S.M.J.
678/3819	20/12/2016	Inclusión no P.M.H. de P.C.V.
679/3822	20/12/2016	Inclusión no P.M.H. de R.L.I.
680/3823	20/12/2016	Inclusión no P.M.H. de M.G.L.
686/3866	27/12/2016	Inclusión no P.M.H. de V.V.M.
687/3867	27/12/2016	Cambio de enderezo dentro do municipio de R.M.J.L. e outros.
688/3868	27/12/2016	Inclusión no P.M.H. de B.A. e outro.
693/3887	28/12/2016	Inclusión no P.M.H. de G.P.Y.
696/3909	29/12/2016	Cambio de enderezo dentro do municipio de P.S.A.
700/3914	29/12/2016	Inclusión no P.M.H. de M.P.A.
11/78	11/01/2017	Cambio de enderezo dentro do municipio de P.M.V.
12/79	11/01/2017	Inclusión no P.M.H. de V.P.C.
13/80	11/01/2017	Inclusión no P.M.H. de V.C.M.
16/115	18/01/2017	Inclusión no P.M.H. de C.M.J.
17/116	18/01/2017	Inclusión no P.M.H. de G.P.L.
18/131	19/01/2017	Inclusión no P.M.H. de L.P.M.C.
19/137	19/01/2017	Inclusión no P.M.H. de G.C.J.M.
20/153	20/01/2017	Inclusión no P.M.H. de M.M.B.
27/191	24/01/2017	Inclusión no P.M.H. de A.R.R.
30/228	27/01/2017	Inclusión no P.M.H. de C.L.T.
33/255	02/02/2017	Inclusión no P.M.H. de C.V.M.A.
39/300	08/02/2017	Inclusión no P.M.H. de A.S. e outro.

Varios

658/3723	14/12/2016	Iniciación do expediente de contratación da obra "Ensanche e pavimentación do camiño rural de Quintáns – Igrexa".
664/3746	15/12/2016	Aprobación do Plan de Seguridade e Saúde.
666/3757	16/12/2016	Lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos para a contratación



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

667/3758	dun/ha coidador 16/12/2016	/a Transporte Asistencial e Axuda no Fogar. Lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos para a contratación de coidadores / as de Axuda no Fogar prestación básica e Lei de Dependencia.
668/3759	16/12/2016 dun/ha técnico /	Lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos para a contratación a superior animación sociocultural Centro Social Polivalente - Programa Concilia.
669/3760	16/12/2016 dun/ha auxiliar	Lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos para a contratación de clínica Centro Social Polivalente – Programa Concilia.
670/3761	16/12/2016 dun/ha ordenan-	Lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos para a contratación za do Centro Social de Dena.
671/3779	16/12/2016 no Lugar de Pe-	Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca sita dreira.
672/3780	16/12/2016 no Lugar de Re-	Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca sita gueiro.
673/3781	16/12/2016 no Lugar de Re-	Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca sita gueiro.
674/3782	16/12/2016 no Lugar de Re-	Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca sita go de Vilamarín.
675/3783	16/12/2016 no Lugar de I-	Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca sita llon.
676/3784	16/12/2016 no Lugar de A	Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca sita Lomba.
681/3829	22/12/2016	Lista de aspirantes admitidos e excluídos para a contratación laboral temporal para op- tar ás funcións de axudante de coordinación no programa de Axuda no Fogar.
685/3845	23/12/2016	Lista provisional aspirantes admitidos e excluídos no proceso selectivo convocado para a formación dunha bolsa de emprego para cubrir en réxime de interinidade unha praza de operario.
690/3876	27/12/2016 no Lugar de Re-	Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca sita gueiro.
691/3877	27/12/2016 no Lugar de Pes-	Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca sita cadeiras.
692/3878	27/12/2016 no Lugar de Re-	Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca sita gueiro.
697/3910	29/12/2016	Declaración en situación de servizo en outras Administracións Públicas.
698/3911	28/12/2016	Aprobación de memoria e anexo da memoria valorada da obra acondicionamento no entorno da Fonte de Laxe. Iniciación do expediente de contratación.
699/3912	28/12/2016	Expediente de contratación do servizo de redacción do proxecto técnico do vial de acceso Igrexa-Lores.
702/3926	30/12/2016	Contratación de persoal laboral temporal.
703/3927	30/12/2016	prórroga de contratación de limpiadoras para CEIP As Covas (Meaño) e Coirón (Dena) e instalacións municipais, de coidaoras aula de acollida e comedor escolar CEIP Coirón (Dena), monitores/as actividades, mestres de educación infantil e técnica xardín de infancia 0-3, mestres para a Escola de Música Municipal do Concello de Meaño e fisio- terapeuta para o Centro Social Polivalente.
704/3928	30/12/2016	Prórroga do Orzamento 2016 ao exercicio 2017.
706/3930	30/12/2016	Iniciación do expediente de contratación do subministro con instalación para a execu- ción da mellora da iluminación ornamental no entorno da Igrexa de S. Benito de Lores.
707/3932	30/12/2016	Prestación do Servizo de Axuda no Fogar.



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tif: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

1/13	02/01/2017	Lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos no proceso selectivo convocado para a formación dunha bolsa de emprego para cubrir en réxime de interinidade unha praza de operario. Designación de tribunal e data de comezo das probas.
2/47	10/01/2017	Autorización previa de tirada de fogos o día 14 de xaneiro en Ameiró - Dena.
3/48	10/01/2017	Autorización previa de tirada de fogos os días 19, 20, 21 e 22 de xaneiro en Igrexa - Lores.
4/49	10/01/2017	Autorización previa de tirada de fogos os días 14 e 15 de xaneiro en Meaño.
5/50	10/01/2017	Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca sita no Lugar de Castro.
6/51	10/01/2017	Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca sita no Lugar de Regueiro de Marín.
7/52	10/01/2017	Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca sita no Lugar de Tomada do Carneiro.
8/53	10/01/2017	Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca sita no Lugar de Gatiñeira.
9/54	10/01/2017	Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca sita no Lugar de Gatiñeira.
10/55	10/01/2017	Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca sita no Lugar de Cortiñas.
14/94	13/01/2017	Lista definitiva de aspirantes admitidas e excluídos, designación de tribunal e data de realización do primeiro exercicio no proceso selectivo convocado para a provisión dunha praza de operario encargado de obras e servizos, con carácter de laboral fixo, incluída na oferta de emprego público 2016.
15/111	17/01/2017	Convocatoria da Mesa de Contratación para a contratación do servizo de axuda no fogar.
21/158	19/01/2017	Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca sita no Lugar de Abuí, parroquia de Dena.
22/159	19/01/2017	Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca sita no Lugar de Seixiños, parroquia de Dena.
23/160	19/01/2017	Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca sita no Lugar de Pradiñas, parroquia de Dena.
24/165	20/01/2017	Nomeamento de funcionario interino.
25/166	20/01/2017	Modificación de xornada no contrato de traballo e fin de contrato de mestres da Escola Municipal de Música de Meaño.
28/209	25/01/2017	Convocatoria da Mesa de Contratación para a contratación do servizo de axuda no fogar.
29/218	26/01/2017	Informe de Intervención de análise de la ejecución del Plan de ajuste 4º trimestre 2016
31/230	27/01/2017	Autorización previa de tirada de fogos os días 2, 3 e 5 de febreiro en Igrexa - Simes.
34/259	02/02/2017	Procedemento abreviado 383/2016.
35/261	02/02/2017	Contratación do asesoramento e intervención letrada no procedemento abreviado nº 383/2016 ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra.
36/264	03/02/2017	Solicitud de subvención ao abeiro da Orde do 19 de decembro de 2016 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
37/277	01/02/2017	Iniciación do expediente de contratación do servizo e explotación da tasca O Feireiro (Iglesia-Lores), integrado na Ruta dos muíños de Meaño.
38/284	07/02/2017	Aprobación do proxecto básico e de execución de obras de mellora de



N.I.F.: P-36-02700-A - Reg. E.L.: 01360274 - Nº REG.LA: MU 2000 740





CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

40/310	cimentación 09/02/2017	en pavillón deportivo. Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca situada no Lugar de Solda, Parroquia de Meaño.
41/311	09/02/2017	Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca situada no Lugar de Pazo do Monte, Parroquia de Padrenda.
43/319	10/02/2017	Rectificación da data de realización do primeiro exercicio no proceso selectivo con- vocado para a provisión dunha praza de operario encargado de obras e servizos.

O Pleno queda enterado das resolucións ditadas pola Alcaldía no período comprendido entre o día 14 de decembro de 2016 e o 13 de febreiro de 2017.

9º.- ROGOS E PREGUNTAS.

A Sra. alcaldesa-presidenta maniféstalles aos membros da Corporación que antes de pasarlle a palabra ós voceiros dos grupos da oposición para que formulen os rogos e preguntas que consideren, procederá a dar resposta ás preguntas que quedaron pendentes de contestar en plenos anteriores.

Ó mesmo tempo sinala que, para as vindeiras sesións plenarias, para dar unha correcta e precisa información, formularán as preguntas por escrito con antelación suficiente para recabar os datos solicitados, tal e como así se indica no Regulamento Orgánico Municipal (ROM) no artigo 29.3 do que se infire “los ruegos y preguntas se habrán de anunciar al Alcalde antes de la sesión, por escrito” e no propio artigo 29.4 que indica “el preguntado o interpelado podrá contestar en el acto o en la próxima sesión, cuando haya reunido los datos precisos para informar debidamente”.

No Pleno da Corporación de data 12 de Decembro de 2016, os Concelleiros da Agrupación de Electores Meaño Independiente, formularon unha serie de preguntas das que quedaron pendentes de resposta as seguintes cuestións e que pasa a responder:

Sr. Varela Budelo:

1. Camiño por detrás de Santa Eulalia. A empresa que sacou terra rompeuno e a alcaldesa dixo que se falaría coa empresa pero o camiño segue no mesmo estado.

Xa tivo lugar a limpeza e posterior bacheado do mesmo. Comentarlle ademáis que, durante o transcurso destes traballos, o concelleiro da Parroquia de Dena, Ramón Tilve Castro, estivo supervisando os mesmos.

Sr. Ásperez Montes:

1. Podemos constatar que a cláusula da concesión de Costas ó Concello de Meaño referente a prohibición da instalación de equipos de música nos Pasales (espazo cedido), NON figura en ningún outro Convenio. ¿Que fixo



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemearno@concellodemearno.com · Web: www.concellodemearno.com

vostede para evitar a cláusula? ¿Ou que fixo vostede para que se puxera esta cláusula?.

Con data 1 de Agosto de 2014, a xefatura territorial da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio concedeu autorización previa ao Concello de Meaño para a realización da Área Recreativa Os Pasales. Entre as CONDICIÓNES IMPOSTAS para proceder a citada autorización figuraba: “4. Evitaráse a instalación de megafonía e os farois non poderán estar acendidos toda a noite xa que afectan ao comportamento das aves que se refuxian no complexo húmido”. As razóns que determinaron a citada limitación foi que a Área recreativa limita cunha zona de áreas limosas marxinais cubertas por xunqueiras considerados hábitats de interese comunitario e que albergan unha serie de especies ameazadas (aves migratorias e sedentarias...)

Dende o Grupo de Goberno entendíamos e seguimos entendendo que, a este respecto, debería primar sempre o interese xeral por encima do interese particular. Ante unha concesión desta envergadura, que nos permite ó uso e disfrute desta zona para todos os veciños deste Municipio, non nos parecía nin nos parece axeitado, discutir o sentido dunha cláusula que impide unha cuestión que non atende a razóns políticas.

2. Unha vez aprobada a demanda dos usuarios do comedor da Escola Infantil, ¿estudiará desde o Concello a posibilidade de non pechar no mes de Agosto?.

Dende o ano 2000, ano en que se puxo en marcha a Escola Infantil Municipal 0-3 anos, ésta ven pechando 15 días no mes de agosto. Desde o Grupo de Goberno seguimos considerando que é preciso pechar a Escola ó menos durante ese tempo dado que é preciso levar a cabo labores de mantemento ó remate de cada curso escolar, ó igual que se fai en tódolos Centros Educativos do Municipio, e tamén de cara a preparalos para recibir o novo curso.

Por outra parte, entendemos que o mes elixido para elo, o mes de Agosto, é o máis idóneo para facelo coincidir co período vacacional das familias, facilitando así na medida do posible a conciliación. O modelo que seguimos na Escola Infantil Municipal intenta similarse, salvando as distancias, ó modelo das Galescolas nas que a norma xeral é que os cativos non permanezcan nos centros educativos máis de 11 meses seguidos ó ano, pechando estas todo o mes de agosto por vacacións. Polo que se seguirán pechando as instalacións da Escola Infantil durante dúas semanas no mes de Agosto.

Asimesmo comentarlle que, aínda que o servizo de comedor, que se puxo en funcionamento na Escola Infantil a través do denominado “Servizo Fiambreira” é utilizado por varias familias, non existe polo de agora, tan alto grao de demanda como vostede parece indicar.

3. ¿Actuaráse dende o Concello para o tratamento das augas pluviais e das residuais?

Estase actuando e se actuará. Están recollidas nos presupostos de 2017, partidas



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

presupuestarias destinadas a incorporar a recollida de augas pluviais é ademáis, xa se leva traballado nos últimos anos para incorporar a recollida de pluviais nos viales nos que por unha ou outra razón se levan a cabo traballos.

4. Situación do Centro Social Polivalente. ¿Cómo se vai actuar coas catro familias que se foron? ¿Cómo e cal vai ser a actuación de cara ó futuro? ¿Vaise reforzar o servizo para maior atención ós usuarios? ¿Temos a disposición o regulamento?

A este respecto, comentarlle que ata o día de hoxe non se foi ningún usuario do Cento Social, a excepción de dous casos, un deles deixou o Centro porque a súa familia considerou que non se atopaba nas condicións adecuadas para asistir, e outro por causa de falecemento.

En canto á actuación de cara ó futuro, podo adiantarlle que estamos a traballar na ampliación do horario de apertura do Centro Social, tal e como é compromiso deste Grupo de Goberno.

Teñen a súa disposición o Regulamento do Centro, que se atopa colgado na páxina web do Concello.

5. ¿Qué labores realiza a persoa contratada a través das axudas da Deputación do Enxeñeiro Forestal ademáis de medicións par corta de madeira que non esté a distancia regulamentaria? Maior aproveitamento deste profesional.

Doulle conta do informe elaborado polo Técnico de Medio Ambiente do Concello, sobre ás materias nas que traballa

“Don Adrián Villar Fernández, en calidade de Técnico de Medio Ambiente – Enxeñeiro Técnico Forestal do Concello de Meaño.

Informo que as tarefas levadas a cabo no meu departamento son as seguintes:

- Expedientes de denuncias de xestión de biomasa tramitados (limpeza de fincas e/ou tala de árbores): 29
 - Expedientes pechados: 19
 - Expedientes abertos: 10
- Expedientes de xestión de camiños tramitados: 16
 - Expedientes pechados: 3
 - Expedientes abertos: 13
- Denuncias remitidas á Xunta de Galicia: 12
- Solicitudes de tirada de fogos de artificio: 29
- Solicitudes de fogueiras de San Xoan e San Pedro: 107
- Solicitudes de festa gastronómica: 1
- Incidencias relacionadas coa aparición de niños de Vespa velutina: 20
- Apoio na xestión da recollida selectiva e do punto limpo.
- Realización e seguimento de proxecto de compostaxe doméstica e elaboración de informe.
- Atención cidadá no departamento de medio ambiente.
- Inspección das fontes do concello e elaboración de reportaxe fotográfico.
- Inspección dos miradores do concello e elaboración de informe do seu estado”.

No Pleno da Corporación de data 10 de Outubro de 2016 das preguntas formuladas polos Concelleiros da Agrupación de Electores Meaño Independiente,



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemearno@concellodemearno.com · Web: www.concellodemearno.com

quedaron pendentes as seguintes cuestións:

Sr. Ásperez Montes:

1. Das deficiencias que hai na Praza de Abastos, ¿vaise facer algo para solucionarlas de cara o verán?

Con relación a este asunto, sinalarlle que non temos constancia no Concello da existencia de ningunha deficiencia na Praza de Abastos, ou polo menos, que os usuarios da mesma non me manifestaron.

2. ¿Solicitouse xa o informe de Augas de Galicia? (En relación a interconexión das augas residuais do parque empresarial de Nantes).

O informe ao que se refire foi solicitado con data 2 de Decembro de 2016, dado que o Convenio entre as dúas institucións se asinou con data 22 de Novembro é ata a firma do mesmo, non procedía a solicitude do informe a Augas de Galicia. Na actualidade, esta en trámite.

3. Vostede veu sinalando que tivo coñecemento da existencia do informe emitido con data 10 de agosto de 2015 sobre unha nova rede de saneamento para o Polígono de Nantes con posterioridade á celebración do Pleno de Agosto de 2015 e que ese informe non foi encargado polo Concello. Non obstante no mesmo figura que foi feito a requerimento do Concello, ¿trátase dunha mentira para tapar outra? ¿é unha mentira?

Unha vez máis, debo reiterar que tiven coñecemento da existencia dese informe con posterioridade a celebración da sesión de data 10-08-2015 porque ese informe non foi encargado polo Concello de Meaño senón pola Xunta de Compensación do Polígono para buscar unha solución alternativa á vista do que si se había comentado nese Pleno da falta de cotas, é a referencia que se faga nese informe ao Concello de Meaño, foi un erro do redactor, porque o Concello de Meaño nin encargou nin pagou dito informe. Proba do anteriormente indicado, doulle conta do contido do informe redactado polo Enxeñeiro Técnico Agrícola e E. Agrónomo, Gabino Grande Toro


"GABINO GRANDE TORO, Enxeñeiro Agrónomo, colexiado 761 do Colexio Oficial de Enxeñeiros Agrónomos de Galicia, ao servizo de 'CERES Oficina Técnica Agrícola, S.L.', con domicilio social en la Avda. de Benito Vigo no 68-2o B, de A Estrada,

EXPON :

Que realiza a presente manifestación a requirimento da Sra. Alcaldesa do Concello de Meaño, Dona Lourdes Ucha Varela, para aclarar un erro producido como consecuencia da redacción dun informe pericial do estudio de cotas para execución do colector do polígono de Sanxenxo, por terreos do Concello de Meaño.

Polo que **MANIFESTA :**

PRIMEIRO.- Que os traballos de estudio topográfico para posibilidade de realizar a obra conxunta dun colector





CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemearno@concellodemearno.com · Web: www.concellodemearno.com

e dunha senda iniciáronse en datas de Xullo de 2012, cando era alcalde do concello de Meaño, Don Jorge Domínguez Rosal. Nese momento so se realizou un levantamento topográfico para un estudio previo de cotas, sen redactar ningún tipo de informe, quedando paralizadas todas as xestións, polo falecemento do alcalde de Meaño, Don Jorge Domínguez Rosal.

SEGUNDO.- En xuño do ano 2015, retomouse o tema, e a alcaldesa de Meaño, dona Lourdes Ucha Varela, consultou si había algún traballo topográfico realizado e si a diferenza de cota era suficiente, para levar o colector polo marxe do río da Chanca ata o bombeo de Os Pasales. Nese momento, íase a preparar un informe en base a medición realizada en Xullo de 2012, pero como ao parecer era urxente saber si existía cota suficiente, comunicouse de palabra, nunha reunión celebrada no concello de Meaño coa presenza dos alcaldes de Meaño e Sanxenxo. Nesa reunión indicóuselle a ámbolos dous alcaldes que non había cota suficiente para levar o colector polo marxe do río da Chanca ata o bombeo de Os Pasales.

TERCEIRO.- A raíz disto, saíu publicado na prensa local que non había cota suficiente e non se podía executar o colector tal e como se pretendía, descorrendo polo marxe do río da Chanca.

CUARTO.- Pola repercusión da noticia da prensa, o presidente da Xunta de Compensación S.U. 15 de Sanxenxo, Don Manuel Barbeito Fernández, xunto con outros socios, mantivo una reunión co que manifesta no seu despacho profesional, para estudar o tema das cotas e poder darlle una solución e presentarllo a os alcaldes de Sanxenxo e Meaño. Está reunión celebrouse o día 10 de agosto de 2016.

Nesta reunión, despois de discutir do tema da cota, o presidente da Xunta de Compensación, solicitou a elaboración dun informe dando unha posible solución para salvar o tema da falta cota, coa instalación dun bombeo intermedio, documento que se preparou partindo dun borrador previo que se comezara a requirimento de Jorge Domínguez, razón pola que neste informe, quedou erroneamente reflexado como requirente o Concello de Meaño.

QUINTO : Nos días posteriores, redactouse o borrador do informe con data 10 de agosto do 2016 e enviouse ao presidente da Xunta de Compensación, Don Manuel Barbeito.

Revisado o informe, detectouse un erro no que respecta ao solicitante do informe, xa que se indicaba como requirente o Concello de Meaño, cando debería figurar como solicitante a Xunta de Compensación S.U. 15. Advertido este erro involuntario, procedeuse de inmediato a modificación e enviouse de novo corrixido e asinado, con data 28 de Agosto de 2016, sendo este o definitivo e o oficial.

En Cambados, a día 27 de decembro de 2016

Enxeñeiro Agrónomo

Fdo.: Gabino Grande Toro

Visto Bo :



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tif: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemearno@concellodemearno.com · Web: www.concellodemearno.com

Fdo.: Manuel Barbeito Fernández
Presidente da Xunta de Compensación S.U. 15 de Sanxenxo."

A Sra. alcaldesa cédelle a palabra aos membros da Corporación para que formulen os seus rogos e preguntas, formulándose as seguintes:

* Sr. Radio Oubiña:

Puntualiza que a estratexía de acudir ao ROM quedoulle como anel ao dedo e que o fai é evitar o debate. De seguido formula os seguintes rogos e preguntas:

- Ultimamente están aparecendo colmeas de avespas asiáticas (Velutina). Poderíanos dicir cal é o procedemento que deben seguir os nosos veciños neste concello? Recibiuse algunha alerta neste tempo, neste sentido?

No caso de que diga que se dirixan ao concello dígolle: coñecemos o caso dun veciño da parroquia de Meaño a quen simplemente se lle derivou a outro organismo.

Horario para que os concelleiros poidan revisar a documentación se traballan.

- ¿Xa empezaron a obra en Abuín? ¿En que vai a consistir? ¿Cómo van a solucionar o tema dos vertidos?

- Como se xestionan os pagos das actividades organizadas polo concello cando non se imparten tódalas clases nun mes? Recupéranse? Faise algún desconto?

- Acerca da condensación no pavillón de Dena. ¿Qué medidas se van a tomar? Se lle van pedir garantías á empresa que a instalou?

- En qué punto se atopa a reforma do pavillón de Xil?

- O camiño de Meaño, ao lado do taller agrícola Tito, está pisado con formingón. É un camiño entre terras. Vai da última casa a un camiño de Paradela. É estreito, pero á metade ou así, estreita aínda máis e case non cabe un coche nin tractor. Se se atoparan dous coches imposible dar volta ou apartar (para un lado, o beiral é alto e, para o outro, a terra queda moi fonda). Igual era bo poñer un sinal avisando.

- Na rúa Salnés os coches seguen pasando a moita velocidade e era conveniente poñer un badén para reducir a velocidade. Ao mesmo tempo, era bo poñer un paso de peóns aí e tamén xunto á igrexa.

- Na costa que baixa de Truvisquido cando se fixo a dirección única quitouse o espello, substituído polas marcas amarelas na calzada. O espello servíalles ás persoas para cruzar. Era bo volvelo poñer.

- En Xil, hai moitas luces que fallaban e tardouse en arranxar a pesar de varios avisos dos veciños. Agora que hai unha nova persoa no cargo esperemos que non se dean estas situacións máis.

Por último lamenta o Sr. Radio Oubiña que unha persoa como Rubén Casal deixe de formar parte da Corporación e desde o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE desexanlle o mellor tanto persoal coma profesionalmente.

Contesta a Sra. alcaldesa:

- En relación cos niños de vespa velutina que en canto se recibe aviso se traslada ao 112 para que procedan a retiralo, non obstante é un problema que cada vez prolifera



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

máis e vaise proceder á sinatura dun convenio que está a elaborar a FEGAM en colaboración coa asociación galega de apicultora.

- As convocatorias estanse a cursar con dous días hábiles de antelación sen contar o día da celebración da sesión, non obstante os concelleiros que por razóns de traballo non poidan acceder a documentación do pleno en horas de oficina tratarase de darlle acceso pola tarde.

- Con respecto ao colector de Abuín, estudíronse varias alternativas e os técnicos consideran que a mellora alternativa é mellorar o colector no tramo de Abuín coa realización dun tramo alternativo que se tramitou por urxencia ante Augas de Galicia e xa foi contratado.

- En canto a cuestión plantexada en relación coas actividades, afectou ás clases da Escola de Música porque nunha disciplina no mes de decembro coincidiron dous martes festivos e o período de vacacións, datas que estaban previstas no calendario das clases; non obstante nese mes realizouse un festival e unha clase previa a mesma.

- En relación coa pregunta formulada en relación coa condensación no pavillón de Dena e na situación na que se atopa o pavillón de Xil, a Sra. alcaldesa cédelle a palabra ao Sr. Gondar Pintos, quen sinala que a actuación realizada no pavillón de Dena consistiu na instalación de ventilación mecánica e na substitución dos canelóns que se atopaban deteriorados e procedeuse ao selado do peto para solucionar as filtracións da cuberta. Engadindo que, no intre da elaboración da documentación técnica ao técnico redactor solicitouse que estudiaran e formularan unha solución para o problema de condensación aportando como solución a ventilación mecánica. Non obstante observase que hai días en que a humidade é tan alta que non resulta suficiente, polo que se está considerando a posibilidade de reforzar a ventilación mecánica con ocos de ventilación; xa que tódolos técnicos consultados coinciden en que a ventilación mecánica é a única solución viable.

Apunta o Sr. Radio Oubiña a opción plantexada polo Grupo municipal MI de optar por cañons de calor contestando o Sr. Gondar Pintos que xa se probou no pavillón de Xil e o único que se logrou foi empeorar a situación e así o afirman os técnicos, insistindo que a única solución viable é ventilación mecánica ou a climatización pero a parte do elevado do custo da climatización o pavillón requiriría un cerramento co que non conta.

En canto ao estado de execución do pavillón de Xil, sinala que no proxecto de execución desta obra o técnico redactor xa deixou constancia de que nese proxecto non se actuaba sobre a cimentación existente si ben unha vez comenzada a obra e asegurados os elementos da cuberta e fachadas que non resultaron afectados se realizaría unha comprobación das condicións da cimentación. Unha vez realizada esta comprobación observase que a cimentación existente non sustenta as obras previstas no proxecto polo que se solicitou da Deputación a reinversión da baixa da adxudicación para poder levar a cabo esta obra de mellora da cimentación.

- En canto aos arranxos de puntos de luz, efectivamente lévase retraso motivado en que a persoa encargada do mantemento atópase de baixa e convocouse unha bolsa de emprego para cubri-lo mentras dure esta situación de baixa e entrou unha persoa que se está poñendo ao día nas instalacións.

*** Sr. Ásperez Montes:**



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

- Pavillón de Dena, según parece ó proxecto non se axusta ás verdadeiras necesidades que se tiñan que cubrir nesta obra. Seguimos sen pavillón ou peor, con un gasto de máis de 31.000 € e coa condensación sen solucionar. Non é isto o que vostede vende na prensa, o problema segue ahí. Dende o noso grupo xa advertimos desta posibilidade, incluso non se quixo discutir unha moción que non foi admitida.

Consideramos unha falta de responsabilidade pola súa parte. Qué pensa facer para solucionar este asunto?

Contesta a Sra. alcaldesa que non todo o investimento foi destinado á ventilación mecánica, que non acadou a metade dese importe, tamén foi para solucionar os problemas de humidades que polo paso do tempo empezaron a xurdir por filtracións da cuberta e era preciso solucionar.

Pregunta o Sr. Ásperez Montes qué utilidade se lle sacou ao investimento destinado á ventilación mecánica, sinalando que o único que se solucionou foi dar cumprimento á normativa que esixe que nun pavillón se mova o aire.

Toma a palabra o Sr. Gondar Pintos, quen lle pregunta si os cañóns de calor cumpren, puntualizando que só agravarían a condensación polo que o equipo de goberno quere solucionar esta situación e segue a traballar por acadalo.

- Pavillón de Xil, esta obra vai camiño de un ano e aínda está sen solución algunha, e nunha situación moi similar a do primeiro día. As deficiencias na obra son continuas, con paradas forzosas nos traballos cando non abandonos das empresas que deberían facer os traballos. En que punto estamos? Cal vai ser a solución final deste desastre?

Contesta o Sr. Gondar Pintos, que esa cuestión xa foi abordada e se explicou cal é a situación.

* Sr. Varela Budelo:

- Os cañóns de calor con ventilación mecánica podería ser a solución.
- Onde fan a festa en Padrenda se chove a auga anda por debaixo.

Contesta a Sra. alcaldesa que este tema xa o tratou o concelleiro cos veciños e vaise a proceder a sanear mediante a colocación dunha tubaxe de drenaxe.

- Saíu na prensa que se atoparon pedras nun pozo do colector de Abuín, penso que nadie as foi a votar pero coas obras de desdoblamento da vía rápida romperon a tubería e puideron entrar nese momento.
- Cómo van os proxectos de saneamento de pluviais.

Contesta a Sra. alcaldesa que acadou o compromiso da conselleira de Medio Ambiente de que técnicos da Consellería farían unha revisión das necesidades existentes no termo municipal para acometer a infraestrutura de pluviais.

- Hai unha vivenda en S. Mauro que cando chove entralle a auga, polo que solicita que se lle solucione esta situación.

- Que as preguntas se teñan que plantexar por escrito pode ser unha vantaxa porque cando se respondan xa pode estar arranxada a cuestión pero tamén pode ter inconvenientes.

- Felicita ao grupo de goberno por manter aos usuairos/as no Centro Social.

* Sr. Ásperez Montes:



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tif: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemearno@concellodemearno.com · Web: www.concellodemearno.com

- Ten previsto sumarse o convenio que a FEGAMP ten coa Xunta para a loita contra a avispa velutina? Esta a ser un problema para apicultures de Meaño e as medidas que se están a tomar están a ser claramente insuficientes.

Houbo unha reunión en Portas e este respecto, asistiu algún representante do noso Concello?

- Algún Concello veciño ven tomando medidas de aforro en algún dos suministros e gastos máis habituais do Concello como son Luz e Telefono (por exemplo Meis aforrou máis de 100.000 € en menos de tres anos coa intervención e asesoramento dunha empresa externa)

Demandamos dende o noso grupo actuacións neste sentido. Ten previsto levar a cabo algunha actuación para aforro nestes gastos

- Hai continuas queixas sobre o mal funcionamento do internet no IES de Coirón- Dena (Meaño). Pódese facer algo dende o Concello?

- Hai previsto algunha actuación sobre a cesión da xestión do Punto Limpio do Concello a algunha empresa?

Contesta a Sra. alcaldesa que a xestión a realiza o Concello con persoal propio cousa distinta e a retirada e tratamento dos materiais que a efectúan empresas recicladoras.

- Que medidas, materiais e persoais tomou esta alcaldía a pasada fin de semana con motivo da Alerta Vermella decretada pola Xunta de Galicia Houbo que atender algunha incidencia?, Con que persoal?

- Nos presupostos, está previsto unha cantidade por ingresos de multas de tráfico. Que cantidade se recaudou nos anos 2015 e 2016 neste concepto

- Nas alegacións presentadas os presupostos, nomease unha RPT encargado polo Concello e vostede como alcaldesa. E certo que se encargou? Esta feita? Cal foi o seu coste? Que empresa a relaizou? Como se pagou? Onde, e que utilidade se lle dou a ese informe?

- A casa de cultura de Dena nos seus baixos presenta un deterioro lamentable (portas, humidades, carcomoma,..) que consideramos en parte máis grave o ser acometida non hai moito tempo unha reforma nestas instalacións

Pensa facer algo?

- En vista das numerosas presuntas ou rogos que temos pendentes de contestación,ou sen atender, quixera recordarlle algunhas de especial interese, outras faremolas nos próximos días por escrito: (Ben é certo que algunha delas xa as contestou o inicio deste punto do Pleno).

-Informe de Costas sobre respecto dos Pasales.

Contesta a Sra. alcaldesa que de momento no hai informe o que si solicitaron foi un balance de ingresos e gastos.

-Xustificante do pago da multa a inspección, que dixo nos facilitaría.

-Estamos a incumprir os convenios coa Xunta respecto da axuda no fogar?

-O comedor da escola infantil, pechará en agosto?

-Espello no cruce da Fonte de Axis?

-En que punto está o convenio co Concello de Sanxenxo respecto das obras de conexión do Polígono de Nantes?

- Respecto da marcha do Concelleiro Rubén quixéramos apuntar:



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)


C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

Noutro momento (cando vostede pasou a ser alcaldesa), o seu argumento foi que as parroquias debían ter todas Concelleiros, incluso tivo que dimitir a que era seguinte na lista e nomear a Laura, veciña de Simes porque esta parroquia quedaba sen representación. Agora Padrenda queda sen Concelleiro.

De todas as maneiras dar a benvida a nova concelleira e apuntar que é desa maneira como se debe entrar en política.

Por outro lado decirlle que foi a súa bandeira política, defendeu a toda costa o seu posto, por petición da oposición, vostede facilitounos unha lista de tarefas (17 distintas en total), quen os fará agora? a decisión será outra vez súa, pero estamos convencidos de que estivo enganando a xente, ós veciños e a todos nós.

E ao non haber máis asuntos que tratar pola Presidencia levántase a sesión ás vinte e dúas horas e cuarenta minutos, estendéndose a presente acta que certifico, co visto e praxe da Sra. alcaldesa.

Vº e Praxe
A alcaldesa

★Asdo. Mª Lourdes Ucha Varela

